

Un centro de documentación ambiental ao servizo da educación ambiental e da conservación do medio ambiente

Natalia Neira García, Ana Belén Pardo Cereijo e Verónica Pajón Jacobo

Centro de Documentación Domingo Quiroga-CEIDA

Resumo

O Centro de Documentación Domingo Quiroga é un centro especializado en medio ambiente que tomou nos seus inicios o modelo de xestión documental utilizado polo CENEAM (Centro Nacional de Educación Ambiental). Os temas nos que está especializado son a Educación Ambiental, o Desenvolvemento Sostible e a Conservación. A evolución do centro pasou dúas varias etapas: na primeiros o traballo foi orientado á clasificación e catalogación dos fondos; na etapa actual, a parte de desenvolverse as tarefas documentais habituais, ofrécense servizos como a elaboración de boletín electrónicos coas novas adquisicións chegadas ao centro, o que permite un mellor achegamento da información aos usuarios. Ademais o Centro forma parte do RECIDA (Rede de Centros de Información e Documentación Ambiental) que reúne a profesionais da documentación ambiental da maioría das comunidades do estado.

Abstract

The Domingo Quiroga Documentation Centre (Centro de Documentación Domingo Quiroga) is an institution specializing in the environment which, in the beginning, modelled itself on the documentation management system used by the CENEAM (National Centre for Environmental Education). The areas in which it specializes are Environmental Education, Sustainable Development and Conservation. The development of the Centre went through two different stages: during the first, work was oriented towards classifying and cataloguing its funds; during the current stage, besides the usual documentation work, it offers services such as the production of electronic newsletters summarizing the Centre's latest acquisitions, which allow users to be better informed. The Centre is also part of the Network of Environmental Information and Documentation Centres (Rede de Centros de Información e Documentación Ambiental, RECIDA), which links environmental documentation professionals from most of the autonomous regions in the state.

Palabras chave

Documentación ambiental, información ambiental, CEIDA, centros de documentación

Key-words

Environmental documentation, environmental information, CEIDA, documentation centres.

Xustificación

O CEIDA, Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia, xurdiu a raíz dun convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, a Universidade da Coruña e o Concello de Oleiros. Este convenio, asinado no ano 2000, establece, entre outros fins, a creación dun sistema de recollida de información ambiental co fin de crear un fondo documental e un banco de datos medioambiental que permitise difundir todo tipo de documentación relacionada coa temática do centro¹.

Esta iniciativa permitiu que o CEIDA, o centro de referencia na educación ambiental en Galicia, puxera a disposición da poboación toda aquela información ambiental que tivese dispoñible, materializándose o dereito de acceso á información ambiental que aparecía reflexado no Cuarto Programa da Unión Europea (1987-1992) na Directiva 90/313, derogada na Directiva 2003/4/CE², de liberdade de ac-

1 XUNTA DE GALICIA; UNIVERSIDADE DA CORUÑA; OLEIROS. CONCELLO. (2000). *Convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, a Universidade da Coruña e o Concello de Oleiros para a actualización do anterior polo que se creaba o Centro de extensión universitaria e divulgación ambiental de Galicia (CEIDA)* [en liña]. [S.n.], Santiago de Compostela. Formato PDF. <<http://www.ceida.org/docs/convenio.pdf>>. [Consulta: 10 xullo 2007]

2 UNIÓN EUROPEA. DIRECTIVA 2003/4/CE del Parlamento Europeo y del Consejo de 28 de enero

ceso á información en materia de medio ambiente, que se transpuxo a nivel estatal na Lei 38/1995. No Quinto Programa Comunitario en materia de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible (1993-2000)³ impulsouse a participación cidadana na protección do medio ambiente, baixo o principio de responsabilidade compartida, así como tamén se relacionaron dúas cuestións fundamentais para lograr a sustentabilidade ambiental: a información e a educación ambiental.

Antecedentes

O Centro de Documentación Domingo Quiroga tivo as súas orixes na antiga Casa da Xuventude de Oleiros, supeditada á Concillería de Medio Ambiente e Xuventude do Concello de Oleiros. A súa creación foi promovida pola inquietude ambientalista existente no Concello, onde desde fai moitos anos se viñan desenvolvendo actividades relacionadas co medio ambiente⁴. Como apoio a estas actividades foise creando un fondo documental importante.

de 2003 relativa al acceso del público a la información medioambiental. *Diario Oficial de la Unión Europea*, 14 de febreiro do 2003, núm. 46. Formato HTML. <http://www.mediterranea.org/cae/direct_2003_4_cee_acces_informac.htm>. [Consulta: 11 xullo 2007]

3 COMISIÓN DE LAS COMUNIDADES EUROPEAS. 5th Environmental Action Programme 1993-2000. *Official Journal of the European Communities*, 1992, núm. C 138, 17.5.93. Formato PDF. <<http://ec.europa.eu/environment/env-act5/5eap.pdf>>. [Consulta: 11 xullo 2007].

Desde o goberno municipal houbo sempre un interese pola promoción cultural, reflexado na importante Rede de Bibliotecas de Oleiros⁵, considerada das mellor xestionadas de Galicia.

O Centro de Documentación en Medio Ambiente Domingo Quiroga lembra a figura de Don Domingo Quiroga Ríos (1900-1992), primeiro presidente da Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA) e experto mundial en recursos pesqueiros pola FAO (Organización para a Agricultura e a Alimentación). Ademais, tivo un papel sobranceiro na defensa dos recursos naturais e do medio ambiente de Galicia⁶.

A raíz do convenio de colaboración entre as tres entidades que forman o consorcio do CEIDA, este establece a súa sede no Castelo de Santa Cruz, a onde se trasladan os antigos fondos do Centro de Documentación Domingo Quiroga. Debido ás limitacións económicas da primeira etapa do CEIDA a Universidade da Coruña facilitou un becario que levaría a cabo a organización destes fondos.

4 IGLESIAS DA CUNHA, L. (1999). "Iniciativas de educación ambiental no Concello de Oleiros: Relato dunha traxectoria consolidada". *A educación ambiental nos concellos: A experiencia de Oleiros. Centro de Documentación Domingo Quiroga, Oleiros*. P. 67-109.

5 OLEIROS. CONCELLO. (2001). *As bibliotecas de Oleiros. Concello, Oleiros*, 1 vol.

6 GONZÁLEZ LAXE, F. (1998). "A modo de lembranza". Labarta, U. e cols. (eds). *Domingo Quiroga. Artículos (1969-1986). Seminario de Estudos Galegos, Santiago de Compostela*. páxs. 11-13

Tomouse como modelo de xestión dos fondos o Centro de Documentación do CENEAM, Centro Nacional de Educación Ambiental, sito en Valsaín (Segovia). Durante a visita as súas instalacións estableceuse contacto co persoal para coñecer os procedementos de traballo, así como as aplicacións informáticas que utilizaban na catalogación. Facilitouse ao Centro de Documentación Domingo Quiroga o cadro de clasificación, o programa de xestión bibliotecaria (CDS-ISIS da UNESCO) e o CD-Rom Documentación Ambiental do Ministerio de Medio Ambiente que contén dous instrumentos de información ambiental:

- *Bibliografía Ambiental*, conxunto de bases de datos bibliográficas correspondentes a fondos documentais existentes no Centro de Documentación e Biblioteca do Ministerio de Medio Ambiente. Son as seguintes: Biblioma (libros, folletos e artigos de revista), Lema (disposicións lexislativas da Unión Europea, Administración Xeral do Estado e Comunidades autónomas) Ema (documentos propios, non publicados na súa maioría, procedentes de estudos e asistencia técnicas contratados polo Ministerio), Rema (títulos de publicacións periódicas), Pima (proxectos de investigación desenvolvidos en España sobre Medio Ambiente), Audima (videos). As buscas nas distintas bases de datos poden realizarse por distintos conceptos e modalidades: autor/es dos documentos, persoais e corporativos, títulos, mate-

rias xenéricas, descritores específicos, series; etc.

- *Tesouro Multilingüe de Medio Ambiente*, ferramenta documental básica que permite a indización, recuperación e intercambio de información e que contén un vocabulario controlado de termos sobre medio ambiente en catro idiomas: español, francés, inglés e alemán, que permite unha maior precisión nas buscas e intercambio de información. A consulta dos descritores en cada un dos catro idiomas citados poden realizarse mediante varias posibilidades: índice de microtesaurus (grandes temas), lista xerárquica, lista alfabética de termos con tódalas súas relacións (notas de alcance, sinónimos ou case sinónimos, xenéricos, específicos, relacionados), índice multilingüe ordeado alfabeticamente polo idioma que se desexe.

Tras esta primeira toma de contacto cun centro de documentación a nivel estatal, e grazas ás ferramentas facilitadas polo CE-NEAM, púidose iniciar un traballo de clasificación e catalogación dos fondos máis normalizado.

Consolidación

Para a consolidación do centro de documentación era necesario a dotación

de persoal estable. Grazas ao plan de fomento de emprego para a xuventude, promovido pola Xunta de Galicia, púidose contratar a persoal especializado: dúas documentalistas e unha bióloga que forman un equipo de traballo multidisciplinar. Acordos de colaboración entre o CEIDA e distintas consellerías, como a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, contribuíron á estabilidade do persoal.

No que se refire aos fondos, o centro de documentación está especializado en tres áreas temáticas fundamentais: conservación do medio ambiente, educación ambiental e desenvolvemento sustentable. O centro adoptou, ao longo destes anos, a xestión dunha tipoloxía, cada vez máis diversa, de material: nun primeiro momento catalogábanse unicamente monografías e revistas e, na actualidade, xestiónanse gran cantidade de materiais especiais (audiovisuais, cartografía, recursos electrónicos,...).

Para o tratamento de todos estes materiais levouse a cabo o seguinte proceso técnico:

Adquisición de materiais

Ademais dos fondos chegados da Casa da Xuventude, o CEIDA iniciou un proceso de compra selectiva de materiais en diferentes formatos (monografías, revistas, audiovisuais, etc.). Paralelamente recibíronse diversas doazóns persoais, destacando

as realizadas por D. Héctor Quiroga, fillo de D. Domingo Quiroga, persoeiro que da nome ao Centro.

Xunto a estas vías de adquisición recíbense, tras unha solicitude formal previa, publicacións de balde procedentes doutras institucións como a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, o CEIDA vasco, a Fundación Caixa Galicia, o Consello da Cultura Galega, etc.

Catalogación e clasificación

Nun primeiro momento comezouse a catalogación de monografías e, posteriormente, a de revistas e o baleirado de artigos. Estas foron as liñas prioritarias na etapa inicial do centro, debido ao gran volume de documentación en depósito e ao escaso persoal existente. Ademais, iniciouse a catalogación de audiovisuais e literatura gris.

No ano 2005, cando xa se levaba ao día a catalogación destes materiais, púidose iniciar o tratamento documental doutros materiais como cartografía, folletos e recursos electrónicos.

O cadro de clasificación utilizado, adaptado aos fondos do Centro, consta das seguintes áreas temáticas principais:

- Bioloxía
- Ciencias da Terra
- Ciencias da Auga. Ciencias da Atmósfera
- Ecoloxía

- Recursos naturais
- Conservación
- Impacto ambiental
- Medio Ambiente. Política e Xestión Ambiental. Desenvolvemento Sostible.
- Dereito
- Educación Ambiental
- Ciencia e Tecnoloxía
- Medio Social
- Ciencias Humanas
- Obras Locais

Conservación dos fondos

Previamente á súa catalogación os materiais son almacenados nun depósito habilitado para ese fin, hasta que unha vez catalogados, os documentos son trasladados á outra sala desde onde se recuperan para a súa consulta. Debido á situación xeográfica do CEIDA o nivel de humidade no ambiente tende a ser elevado polo que é necesario o seu control, xa que podería deteriorar os materiais debido á proliferación de determinados microorganismos. Por elo nas salas hai dispostos varios aparatos que permiten reducir a humidade hasta os niveis óptimos para a conservación dos documentos.

Os audiovisuais atópanse ubicados nun mobiliario especial adaptado ao seu formato.

No caso das revistas, literatura gris e folletos son almacenados en contenedores (arquivadores, carpetas, ...) que facilitan a súa preservación e o acceso.

Os recursos electrónicos son clasificados e almacenados temáticamente en carpetas no servidor do CEIDA. Diariamente fanse copias de seguridade do contido da memoria do servidor, o que garante a permanencia dos documentos neste soporte.

Difusión de información

Debido á escasez de recursos humanos, durante os primeiros anos do centro, o proceso de difusión da información estivo practicamente paralizado, xa que tódolos esforzos estaban encamiñados á realización das tarefas anteriormente comentadas. É a finais do ano 2005 cando se comeza a planificar unha difusión formal do Centro de Documentación que permitiría proxectar a súa imaxe cara ao exterior dándoo a coñecer aos potenciais usuarios.

Para promocionar o Centro de Documentación deseñouse unha campaña de difusión para a cal se elaborou un folleto que se distribuíu a todos aqueles centros, entidades, organizacións, etc, que se considerou poderían estar interesados na consulta deste tipo de fondos.

Tamén se aproveitou a actualización da páxina web do CEIDA para ampliar a información incluída na sección do centro de documentación.

Para mellorar e ampliar as prestacións, no ano 2006 iniciouse unha fase de diálogo entre os centros galegos especiali-

zados na temática ambiental: o centro de documentación da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, o centro de documentación do Centro de Investigación e Información Ambiental de Lourizán, e o Centro de Documentación Domingo Quiroga do CEIDA. O obxectivo deste proxecto é a colaboración mediante a creación dunha rede galega de centros de documentación ambiental.

Os centros que participan nesta iniciativa forman parte da rede de ámbito estatal RECIDA, Rede de Centros de Información e Documentación Ambiental⁷. Esta rede xurde a partir do Seminario de Centros de Documentación Ambiental e Espazos Naturais Protexidos, organizado polo CENEAM, e que se leva realizando anualmente desde o 2002. O RECIDA reúne a especialistas de centros relevantes a nivel do Estado, como o Ministerio de Medio Ambiente, Europarc-España, Ministerio de Agricultura, Centro de Recursos Ambientais de Navarra (CRANA), entre outros. Esta Rede permite intercambiar experiencias, información, documentación e a colaboración en proxectos comúns. Neste 2007 a sexta edición do Seminario tivo lugar no Castelo de Santa Cruz (Oleiros)

⁷ CENTRO DE DOCUMENTACIÓN DEL AGUA Y EL MEDIO AMBIENTE. (2006). "Anexos: Red de Centros de Información y Documentación Ambiental (RECIDA)". *Derecho de acceso a la información ambiental: Documentos básicos. Concello, Zaragoza. páxs. 123-132. (Agenda 21 Zaragoza. Publicación; 2)*

na sede do CEIDA, durante os días 6, 7 e 8 de xuño. Este ano a ponencia marcou en torno ás bibliotecas dixitais e as comunicacións presentadas polos asistentes trataron os temas dos recursos electrónicos e novas ferramentas para a súa xestión. Nas xornadas tamén se levaron a cabo talleres de traballo que trataron os temas das bibliotecas dixitais, boletíns electrónicos e avaliación de páxinas web. Dentro das conclusións do seminario cabe destacar a creación do portal RECIDA.net, que albergará información sobre todos os membros da rede e acceso aos seus boletíns electrónicos. Ademais crearase un directorio de recursos electrónicos entre todos os membros que estará dispoñible no portal, segundo as primeiras previsións, a mediados do 2008. Este ano tamén se creou unha comisión asesora do RECIDA formada por tres profesionais de dilatada experiencia.


Situación actual

A evolución dos fondos do Centro de Documentación foi considerable desde o comezo grazas ás doazóns e, fundamentalmente, á adquisición constante de novos materiais⁸.


⁸ CEIDA. (2006). "Centro de Documentación en Medio Ambiente Domingo Quiroga". Memoria de actividades: CEIDA 2011-2005. CEIDA, Oleiros. P. 134-146.

En agosto do 2007 o fondo estaba constituído por:


- 3903 monografías.
- 9905 artigos baleirados.
- 672 audiovisuais.
- 752 literatura gris.
- 458 recursos electrónicos.
- 83 mapas.
- 1954 folletos.



Taboa 1: Evolución do número de monografías catalogadas



Taboa 2: Evolución de artigos baleirados



Taboa 3: Evolución dos audiovisuais baleirados

Dentro dos servizos prestados aos usuarios están a consulta e o préstamo de documentos. A consulta pódese realizar tanto en sala como a través de correo electrónico e teléfono. Con respecto ao préstamo, cabe a posibilidade que os usuarios reciban no domicilio ou lugar de traballo os materiais que soliciten. Estas facilidades de acceso permiten que os usuarios poidan facer un uso máis rápido da información. A edición de publicacións electrónicas, como son os boletíns de novidades mensuais, e outros produtos informativos consolidaron a función do centro de documentación como difusor de información ambiental.

Debido ao limitado espazo no que estaba ubicado o centro de documentación fíxose necesario o seu traslado a outra planta do Castelo onde o espazo dispoñible era considerablemente maior, contando con tres salas adicadas a consulta, depósito e zona de traballo. Grazas ao este cambio aumentouse a visibilidade do Centro de Documentación e o uso por parte dos visitantes ao Castelo, cuxo número viuse incrementado este último ano.

Ademais das tarefas explicadas anteriormente, e que conforman o tratamento técnico documental, desenvólvense outras que dan un valor engadido ao centro:

- Dossieres de prensa e de revistas especializados en temáticas como as Áreas Mariñas Protexidas e o Cambio Climático.

Elaborados a partir da revisión e recompilación de todas aquelas novas publicadas tanto nos xornais como nas revistas ás cales o CEIDA está subscrito.

- *Boletíns electrónicos*: Boletín de Novidades e Boletín Amares

Para darlle unha maior difusión aos fondos do centro de documentación, elabórase, dende maio de 2006, o Boletín de Novidades, de carácter mensual, cuxos últimos materiais chegados ao centro. Cada boletín está adicado a un persoeiro ou institución relevante no ámbito ambiental, e a súa estrutura conta con varios apartados segundo o formato de material: monografías, artigos, audiovisuais, literatura gris e recursos electrónicos. Ademais, inclúese unha sección específica para os boletíns




Figura 1: Boletín de Novidades

oficiais (BOE, DOG e BOP) e para publicacións periódicas electrónicas editadas por outras institucións adicadas a temas ambientais como o OSE, Observatorio para a Sostenibilidade en España e EUROPARC-España, entre outros.

Desde o mes de outubro de 2006, a raíz dun acordo de colaboración coa Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, estase a elaborar o Boletín informativo Amares, que seguindo unha estrutura semellante ao anterior, está especializado no medio mariño. Ademais das seccións comentadas para o boletín anterior, inclúese un directorio web, con enlaces a páxinas das que se pode extraer información de interese sobre temas marítimos, unha sección de novidades que contén datos actualizados de cursos, xor-

nadas, etc, e unha sección cos datos de contacto da Consellería, confrarías e entidades relacionadas co medio mariño en Galicia.

Ambos boletíns son publicados na páxina web do CEIDA e os subscritores reciben un aviso da súa posta a disposición na web.

- Directorio web de recursos electrónicos, dispoñible na páxina web do CEIDA. A elaboración da páxina web do CEIDA supuxo unha renovación de contidos da anterior, permitindo engadir un directorio de recursos web elaborado desde o centro de documentación. O directorio recolle enlaces a entidades, bases de datos, portais, etc. acompañados dunha breve descrición, e que están estruturados seguindo un criterio xeográfico e temático.

Conclusiones

O Centro de Documentación Domingo Quiroga foi evolucionando paulatinamente en tódos os aspectos, tanto na dotación de persoal, tamaño dos fondos, infraestruturas, servizos, relacións con outras entidades... Sendo unha ferramenta de apoio á investigación, o estudo e a divulgación, contribuíndo a unha mellor conservación do noso patrimonio natural.




Figura 2: Boletín Informativo



Guiné-Bissau 2006/07

© Brigida Rocha Brito